

COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE SOLICITUDES DE INFORMACIÓN PRESENTADAS NO REXISTRO XERAL

PLENO 28 XUÑO 2012. ACTA 11/2012

“A Agrupación Electores de Redondela ten dous principios básicos que son a transparencia e a participación. Por isto consideramos que é de vital importancia o bo funcionamento do rexistro do Concello . Referímonos a respectar os prazos establecidos á hora de responder ás demandas de información que se efectúan polo rexistro de entrada do Concello.

Temos presentado infinidade de solicitudes de información sen resposta durante meses, o cal nos repercute e retrasa en algúns dos temas nos que estamos a traballar. De feito, ata temos presentado as mesmas solicitudes máis dunha vez sen conseguir ningún tipo de resposta.

Tendo en conta que o equipo de goberno emprega a palabra transparencia moi a miúdo, consideramos que xa vai sendo hora de que se pase das palabras aos feitos. Este bo funcionamento é imprescindible tanto para a transparencia coma para a participación, é por isto que esiximos se cumpra a lei 4/1999, de modificación da lei 30/1992, de 26 de Novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, artigo 38.

Polo exposto, Jorge Varela Couñago, en calidade de voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do contemplado no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a comparecencia do Alcalde para dar explicacións sobre como responden as solicitudes entregadas por rexistro.”

O Alcalde dí que lles constan 89 solicitudes 73 contestadas, 7 pendentes de recoller e 9 pendentes. Dí que están facendo un esforzo importante na relación cos grupos políticos, e comenzaron dotándoos dun local. Cree que melloraron as prácticas neste sentido.

O concelleiro Varela Couñago di que según eles teñen preto de 30 solicitudes sen contestar.

O Alcalde di que as veces os departamentos teñen algún problema de persoal e non poden facilitar a información tan rápido como sería desexable.